



## HOLA COMPAÑEIROS DO MERGULLO.

O próximo domingo día 12 de Agosto terá lugar un ano mais o **Campionato Galego Fotosub 2018**, este ano vamos por o **“XXII Trofeo Cidade de A Coruña – X Memorial Fernando Torreiro”**, organizado por o Club del Mar de San Amaro de A Coruña conxuntamente coa FEGAS.

O campionato celebrarase nas augas da Enseada de San Amaro e na zona denominada “O Grelle”.

Esperamos ter un bo día moi claro e soleado, para que as parellas participantes formadas por fotógrafos e co fotógrafos poidan facer unhas boas fotografías. O Club do Mar para este campionato conta ademais de todas as súas instalacións e infraestrutura, con dúas da súa propiedade o “Atlantis” e o “Buitron”. A competición comezará as 9:00 da mañá e rematará sobre das 17:30. Cada parella participante poderá facer 100 fotos entre as dúas inmersiones, que teñen que ser correlativas incluída a foto de control, que son as que lle contarán para a presentación, das cales terá que seleccionar seis, nas que haberá: unha de macro selectivo ou close up, unha de macro ou close up non peixe, unha de peixe primeiro plano, unha de peixe enteiro, unha de ambiente sen modelo, e unha de ambiente con modelo.

A organización e o Club del Mar de San Amaro de A Coruña, convidavos a todos a participar , ademais de agradecer a FEGAS, o Concello de A Coruña, e a todos os colaboradores para este sexa un día de competición entre amigos.